

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

13876 *Real decreto 1151/2015, do 18 de decembro, polo que se modifican o Real decreto 550/2014, do 27 de xuño, polo que se desenvolven os requisitos e o procedemento para o recoñecemento das entidades asociativas prioritarias e para a súa inscrición e baixa no Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias, previsto na Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario, e o Real decreto 1079/2014, do 19 de decembro, para a aplicación das medidas do programa de apoio 2014-2018 ao sector vitivinícola.*

A Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario, prevé un instrumento básico para contribuír a mellorar a estruturación da oferta e a integración, mediante o redimensionamento das entidades asociativas, tal é a nova figura da entidade asociativa prioritaria (EAP).

A citada Lei 13/2013, do 2 de agosto, nos seus artigos 1, 3 e 5 e na súa disposición adicional única, define a nova figura da entidade asociativa prioritaria, establece as condicións para o seu recoñecemento, mediante o correspondente procedemento regulamentario, e crea no Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente o Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias, adscrito á Dirección Xeral da Industria Alimentaria.

Posteriormente, mediante Real decreto 550/2014, do 27 de xuño, desenvolvéronse os requisitos e o procedemento para o recoñecemento das entidades asociativas prioritarias e para a súa inscrición e baixa no Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias, previsto na Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario.

As EAP reguladas na lei teñen compoñente territorial supraautonómico tanto pola situación dos socios que a integran como pola actividade económica que desenvolven no territorio de máis dunha única comunidade autónoma.

A Sentenza do Tribunal Constitucional 85/2015, do 30 de abril, ditada en recurso de inconstitucionalidade interposto pola Generalitat de Cataluña contra a dita lei, anulou o artigo 3.2 e eliminou a referencia «ao ministerio» nos números 3 e 4 do artigo 5 da citada Lei 13/2013, do 2 de agosto.

A referida sentenza do Tribunal Constitucional non cuestiona o uso do título competencial do 149.1.13.^a, senón que a través del a Administración xeral do Estado non xustificase a asunción de funcións executivas sobre a base da supraterritorialidade e a exclusión das comunidades autónomas en relación co procedemento de recoñecemento das (EAP). Pois ben, unha vez xustificada, de acordo coa xurisprudencia constitucional, nas Cortes Xerais a necesidade de asunción polo Estado de tales funcións executivas, ao non resultar posible fixar un punto de conexión territorial, dada a estrutura, natureza e dimensión das estruturas organizativas que se tratan de promover e atendendo aos fundamentos xurídicos da sentenza, procedeuse a modificar a citada lei dando vía de participación ás comunidades autónomas na fase de recoñecemento mediante a súa consulta, aínda que tal xustificación non quedase nitidamente reflectida na exposición de motivos da lei por tramitarse por emenda de adición.

A Lei 25/2015, do 28 de xullo, de mecanismo de segunda oportunidade, redución da carga financeira e outras medidas de orde social, incorporou na súa disposición derradeira décima unha modificación da Lei 13/2013, do 2 de agosto, para os efectos de adecuar o texto desta lei ao contido da Sentenza do Tribunal Constitucional 85/2015, do 30 de abril,

facilitando a participación, mediante a súa consulta, das comunidades autónomas afectadas territorialmente no procedemento de recoñecemento realizado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que, pola súa vez, quedaron informadas sobre as modificacións das condicións de recoñecemento, e simplificando o Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias.

Neste sentido, modifícase o artigo 3 da Lei 13/2013, do 2 de agosto, recollendo a consulta previa ás comunidades autónomas afectadas polo seu carácter supraautonómico e establecendo a obriga dos responsables das EAP de comunicarlle ao ministerio os cambios que puidesen afectar a súa condición de prioritarias cando se produzan, así como ás comunidades autónomas afectadas polo seu carácter supraautonómico.

Tamén se modifica o seu artigo 5, polo que se crea no Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, con carácter informativo, adscrito á Dirección Xeral da Industria Alimentaria, o Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias, no cal se inscribirán as entidades desta natureza recoñecidas de acordo co establecido na citada lei e no seu regulamento de desenvolvemento.

En consecuencia, procede adaptar a actual regulación prevista no Real decreto 550/2014, do 27 de xuño, á nova normativa que modifica a Lei 13/2013, do 2 de agosto. En particular, mediante o artigo primeiro procédese á modificación do artigo 5 e á substitución dos artigos 7 e 8 e, atendendo aos fundamentos xurídicos da citada sentenza, inclúese a participación das comunidades autónomas afectadas territorialmente na fase de recoñecemento das EAP. Así mesmo, reflíctese a natureza xurídica do rexistro con carácter simplemente informativo e, a xeito de mellora técnica froito da experiencia na súa xestión e para maior claridade e seguridade xurídica dos interesados, introdúcese, no artigo 3, unha precisión da información que se vai subministrar no caso de recoñecementos xenéricos, relativa aos produtos para os cales se solicita recoñecemento.

Por outro lado, mediante o artigo segundo, incorpórase unha modificación dos artigos 58 e 96 do Real decreto 1079/2014, do 19 de decembro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio 2014-2018 ao sector vitivinícola.

O Regulamento 1308/2013 (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007, establece no seu artigo 40 que non se concederá apoio a través dos programas de apoio no sector vitivinícola ás medidas recollidas nos programas de desenvolvemento rural dos Estados membros. Este aspecto foi regulado ata hoxe no artigo 96 do citado Real decreto 1079/2014, que establecía que os compromisos de investimento aprobados desde o 1 de xullo de 2014 se deben financiar exclusivamente cos fondos do Programa de apoio ao sector vitivinícola español.

Pola súa banda, o Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, regula os investimentos en activos físicos no seu artigo 17, sen discriminar o tipo de produto a que se dirixe.

A modificación establecida no presente real decreto permite que o apoio a novos proxectos de investimentos no sector vitivinícola, unha vez eliminada, desde o 1 de febreiro de 2016, a posibilidade de presentar novas solicitudes con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga), se poida incluír nos programas de desenvolvemento rural ao abeiro do Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello. Todo iso sen prexuízo dos compromisos correspondentes a anteriores convocatorias.

Esta posibilidade de apoio a novos proxectos de investimentos no sector vitivinícola a través da medida de investimentos en activos físicos dos programas de desenvolvemento rural articularase en réxime de estrita competencia cos correspondentes ao resto dos sectores e non terá réxime de preferencia ningún.

O pasado 30 de xuño remitiuse á Comisión Europea unha modificación do Programa español de apoio ao sector vitivinícola na cal se comunicou a decisión de suspender na norma nacional que regula a aplicación das medidas do programa de apoio a presentación de máis solicitudes de proxectos de investimento a partir do 1 de febreiro de 2016. Así mesmo, notificouse a posibilidade de cambiar a dotación de apoio a este tipo de investimentos a través dos programas de desenvolvemento rural, con financiamento Feader.

Por último, mediante a disposición derradeira primeira modifícase, para considerar determinados aspectos do contido da convocatoria, o Real decreto 1010/2015, do 6 de novembro, polo que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas a investimentos materiais ou inmateriais en transformación, comercialización e desenvolvemento de produtos agrarios no marco do Programa nacional de desenvolvemento rural 2014-2020 para o fomento da integración de entidades asociativas agroalimentarias de carácter supraautonómico.

Na tramitación desta norma consultáronse as comunidades autónomas e entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de decembro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 550/2014, do 27 de xuño, polo que se desenvolven os requisitos e o procedemento para o recoñecemento das entidades asociativas prioritarias e para a súa inscrición e baixa no Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias, previsto na Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario.*

O Real decreto 550/2014, do 27 de xuño, polo que se desenvolven os requisitos e o procedemento para o recoñecemento das entidades asociativas prioritarias e para a súa inscrición e baixa no Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias, previsto na Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario, queda modificado como segue:

Un. No número 2 do artigo 3 engádese unha nova alínea f) coa seguinte redacción:

«f) No caso de que a entidade solicite o recoñecemento xenérico de acordo co volume mínimo previsto na alínea b) do anexo I, as informacións recollidas nas alíneas anteriores referiranse aos produtos para os cales se pretende obter o dito recoñecemento.»

Dous. O artigo 5 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 5. *Procedemento de recoñecemento.*

1. Correspóndelle á Dirección Xeral da Industria Alimentaria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, en coordinación coas comunidades autónomas afectadas polo seu ámbito supraautonómico, realizar as comprobacións para o recoñecemento.

2. A Dirección Xeral da Industria Alimentaria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente remitirá as solicitudes de recoñecemento e inscrición aos órganos competentes das comunidades autónomas afectadas territorialmente para o seu informe no prazo dun mes, contado desde a recepción da petición deste, de conformidade co disposto no artigo 83.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, en cumprimento do deber de colaboración entre administracións públicas. Entenderase que existe afectación territorial dunha comunidade autónoma

cando existan socios de base na dita comunidade. En caso de non recibir resposta nese prazo, proseguiranse as actuacións. Durante o referido período, as comunidades autónomas afectadas ou a propia Dirección Xeral poderán propor a realización dunha reunión coa participación de todas as comunidades autónomas interesadas para resolver calquera dúbida ou suxestión que se puidese formular respecto ao recoñecemento.

3. Unha vez recibido o informe dos órganos competentes das comunidades autónomas afectadas, ou transcorrido o prazo para emitilos, o director xeral da Industria Alimentaria resolverá motivadamente, sen que esta resolución poña fin á vía administrativa.

4. A resolución anterior e a notificación deberanse producir no prazo de seis meses contados desde que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación, transcorrido o cal se poderá entender aceptada a solicitude.

5. No caso de entidades en proceso de constitución, a resolución de aceptación quedará condicionada á súa efectiva constitución, caso en que se deberá achegar a certificación do órgano de goberno acreditativa da efectiva adquisición de personalidade xurídica e o resto da documentación que deba substituír a presentada no seu momento, no prazo dun mes desde a notificación da resolución de aceptación.

6. A resolución de aceptación será comunicada aos órganos competentes das comunidades autónomas afectadas polo ámbito da EAP para o seu coñecemento e constancia. No caso de entidades en proceso de constitución, esta verificarase unha vez achegada a documentación a que fai referencia o número anterior.

7. Contra a dita resolución poderá interporse recurso de alzada, ante a Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.»

Tres. O artigo 7 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 7. *Funcionamento do Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias.*

1. O Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias, de carácter informativo e adscrito á Dirección Xeral da Industria Alimentaria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co previsto no artigo 5 da Lei 13/2013, do 2 de agosto, será o encargado do mantemento dos datos das entidades recoñecidas.

2. Cada EAP terá asignado un número correlativo, independente e único, cuxa relación será publicada na web do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.»

Catro. O artigo 8 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 8. *Modificación das condicións e cancelación do recoñecemento.*

1. A modificación e a cancelación do recoñecemento da EAP poderá ter lugar de oficio ou por instancia do interesado.

2. Os interesados deberán comunicar calquera información que afecte as condicións de recoñecemento no prazo dun mes desde que esta se producise, indicando a nova situación e xuntando a documentación acreditativa debida. Esas comunicacións estarán dirixidas á Dirección Xeral da Industria Alimentaria e aos órganos competentes das comunidades autónomas afectadas polo ámbito territorial da EAP.

A Dirección Xeral da Industria Alimentaria procederá á modificación das condicións do recoñecemento, logo de informe das comunidades autónomas afectadas pola modificación, de acordo co artigo 83 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, que será posteriormente comunicada aos interesados e ás comunidades autónomas do ámbito territorial da EAP.

3. No suposto de que a dita información determinase o incumprimento sobrevido de calquera dos requisitos previstos nos artigos 2 e 3, esta comportará a suspensión provisional do recoñecemento durante un prazo de tres meses, unha vez transcorrido o cal sen emendarse ou achegar a documentación acreditativa de que, á luz das novas circunstancias, se cumpre o previsto nos referidos artigos, se procederá á cancelación do recoñecemento, logo de instrución do procedemento administrativo que en todo caso garantirá a audiencia do interesado e o informe das comunidades autónomas afectadas, conforme o previsto no número 4.

4. A Dirección Xeral da Industria Alimentaria procederá de oficio, logo de apercibimento da cancelación do recoñecemento como EAP daquelas entidades que incumpran as obrigas previstas no artigo 6. No prazo de tres meses desde a notificación do apercibimento e logo de audiencia dos interesados e do informe das comunidades autónomas afectadas polo ámbito territorial da EAP, a Dirección Xeral da Industria Alimentaria ditará e notificará resolución motivada no prazo dun mes. Contra esta resolución poderá interporse recurso de alzada ante o secretario xeral de Agricultura e Alimentación no prazo dun mes, de acordo co disposto no artigo 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 1079/2014, do 19 de decembro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio 2014-2018 ao sector vitivinícola.*

Un. O número 1 do artigo 58 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Os interesados que reúnan as condicións exixidas presentarán a súa solicitude dirixida ao órgano competente da comunidade autónoma en que se encontre situado o establecemento no cal se vaia realizar o investimento.

No entanto, nos casos de proxectos de comercialización noutro Estado membro, as solicitudes deberanse dirixir ao órgano competente da comunidade autónoma en que se encontre situado o domicilio fiscal do solicitante.

As solicitudes presentaranse directamente ou a través de calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, antes do 1 de febreiro de 2016. Así mesmo, admitirase a presentación electrónica das solicitudes conforme o previsto na Lei 11/2007, do 22 de xuño.

Porén, as comunidades autónomas poderán dispor, para as solicitudes do seu ámbito de competencia resolutorio, que tanto a presentación desas solicitudes como as notificacións que delas deriven se realicen, exclusiva ou parcialmente, mediante procedementos electrónicos.

O expediente deberá incluír todos os datos do proxecto de investimento. Tanto o modelo de solicitude como a documentación correspondente poderán ser establecidos pola comunidade autónoma. Así mesmo, a solicitude poderá incluír a petición correspondente de certificación do non inicio do investimento no momento da súa presentación.»

Dous. O artigo 96 queda modificado como segue:

«Artigo 96. *Compatibilidade de axudas.*

Non se financiarán cos fondos do programa nacional de apoio as medidas que están recollidas nos programas de desenvolvemento rural ao abeiro do Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, e do Regulamento (UE) n.º 1305/2013, relativos á axuda ao desenvolvemento rural; as operacións de información e de promoción de produtos agrícolas no mercado interior e en terceiros países recollidas no artigo 2.3 do Regulamento (CE) n.º 3/2008 do Consello, do 17 de decembro de 2007, e as medidas que están recollidas no Regulamento (CE) n.º 1040/2002 da Comisión, do 14 de xuño de 2002, polo que se establecen normas particulares de execución das disposicións relativas á asignación dunha participación financeira da comunidade para a loita

fitosanitaria e se derroga o Regulamento (CE) n.º 2051/97, nin outras medidas financiadas por instrumentos financeiros da Unión Europea.

Non obstante, desde o 1 de febreiro de 2016, o apoio aos novos proxectos de investimento cuxo obxecto sexa coincidente co previsto no artigo 53 do Real decreto 1079/2014, do 19 de decembro, para a aplicación das medidas do Programa de apoio 2014-2018 ao sector vitivinícola en desenvolvemento do previsto no Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios, será regulado exclusivamente a través do Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello.

En ningún caso estas axudas poderán ser acumuladas ou completadas con outras axudas nacionais ou das comunidades autónomas dedicadas á mesma finalidade.»

Disposición transitoria única. *Tramitación de solicitudes anteriores.*

As solicitudes cuxa tramitación se iniciase antes da data de entrada en vigor da disposición derradeira décima da Lei 25/2015, do 28 de xullo, de mecanismo de segunda oportunidade, redución da carga financeira e outras medidas de orde social, de modificación da Lei 13/2013, do 2 de agosto (BOE do 26 de xullo de 2015), continuarán os procedementos previstos no Real decreto 550/2014, do 27 de xuño, polo que se desenvolven os requisitos e o procedemento para o recoñecemento das entidades asociativas prioritarias e para a súa inscrición e baixa no Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias, previsto na Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario.

Disposición adicional única. *Referencias legislativas.*

As referencias aos artigos 38.4, 83.4, 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, do presente real decreto, entenderanse realizadas aos correspondentes preceptos da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1010/2015, do 6 de novembro, polo que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas a investimentos materiais ou inmateriais en transformación, comercialización e desenvolvemento de produtos agrarios no marco do Programa nacional de desenvolvemento rural 2014-2020 para o fomento da integración de entidades asociativas agroalimentarias de carácter supraautonómico.*

O Real decreto 1010/2015, do 6 de novembro, polo que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas a investimentos materiais ou inmateriais en transformación, comercialización e desenvolvemento de produtos agrarios no marco do Programa nacional de desenvolvemento rural 2014-2020 para o fomento da integración de entidades asociativas agroalimentarias de carácter supraautonómico, queda modificado como segue:

1. O artigo 6.3 queda redactado como segue:

«3. A duración da execución do proxecto de investimento establecerase na convocatoria correspondente de axuda e non poderá ser superior a dous anos desde a presentación da solicitude de axuda ou ben, se é o caso, desde o levantamento da acta de non inicio.

Poderanse establecer ata dous períodos de execución cuxa duración se establecerá na convocatoria correspondente.

No proxecto débense diferenciar as actuacións e o orzamento correspondente para cada un dos dous períodos de execución, de ser o caso.»

2. Engádesse un parágrafo final ao artigo 8.1 coa seguinte redacción:

«Terán a consideración de gastos subvencionables aqueles que se realicen dentro do período subvencionable. O período subvencionable dos gastos comprenderá desde a presentación da solicitude de axuda, ou ben desde o levantamento da acta de non inicio, ata a data que fixe a convocatoria correspondente. Non obstante, ata que non se publique a resolución de concesión correspondente non se xerará dereito ningún á percepción da axuda.»

3. O artigo 16.3 queda redactado como segue:

«3. O prazo de presentación da solicitude de pagamento será o que se estableza na convocatoria correspondente.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de decembro de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente
ISABEL GARCÍA TEJERINA